



Nº Expediente: 2017/C003/000002

Asunto: Contratación de ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (5)

ACTA DE COMPROBACIÓN A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA BAIXA TEMERARIA DA EMPRESA "ALVARÉ Y LLAGO, S.L." E DETERMINACIÓN DA OFERTA MÁIS VANTAXOSA PARA O SEGUINTE CONTRATO:

Obra: ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS
Importe de licitación: 35.876,89 IVE incluído (Prezo sen IVE 29.650,32 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira
Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal
Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello
Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 11:30 horas do 28 de xuño de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á comprobación da documentación xustificativa da baixa temeraria presentada pola empresa "Alvaré y Llago, S.L." e determinación da oferta máis vantaxosa.

Compróbase que, dentro do prazo establecido para que a empresa "Alvaré y Llago, S.L." xustifique a súa oferta presentada, a cal pode conter valores anormais ou desproporcionados, ésta non presentou documentación algunha.

Polo tanto, a Mesa acorda excluír da presente licitación a esta empresa.

Unha vez excluída a empresa "Alvaré y Llago, S.L.", quedaría unicamente a seguinte proposición:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	2,16	26.981,79	1,45	3,61

Efectuados os cálculos correspondentes, a nova media aritmética é de 26.981,79 € e o límite da baixa temeraria é de 24.707,61 €.



Polo tanto, a Mesa acorda:

1.- Excluir da presente licitación á empresa "Alvaré y Llago, S.L." polos motivos anteriormente expostos.

2.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato "ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DAS INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS" á seguinte empresa, sendo a única proposta considerada válida e vantaxosa:

- empresa: CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.
- prezo: 26.981,79 € e 5.666,18 € de IVE, cun total de 32.647,97 €

3.- Reunirse de novo para cualificar a documentación que deberá presentar este licitador, de acordo co previsto no Prego-tipo de cláusulas administrativas; unha vez requirido polo órgano de contratación, con carácter previo á adxudicación.

4.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta; así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación, por parte da empresa proposta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:00 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.